

EXPEDIENTE 46488-220

CONCELLO DE VIGO



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 17 PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (CATRO RESERVADAS A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL) POLA QUENDA LIBRE (OPE 2020-2021-2022).

ANUNCIO

PRIMEIRO.- Na sesión constitutiva que tivo lugar o día 20.10.2025 o órgano de selección, en cumprimento do establecido nas Bases xerais 8.4.1 e 8.4.2 (BOPP 30/08/2024) acordou o desenvolvemento presenciais das súas sesións.

SEGUNDO.- O órgano de selección, na sesión celebrada o 5.02.2026 acordou o seguinte:

A) Fixar as seguintes **NOTAS DE CORTE** para o primeiro exercicio (tipo TEST):

- Quenda libre (14 prazas): Establecese a nota de corte na que obteña o aspirante que acade o **posto número 40** por orde de puntuación, así como todos aqueles que obteñan a mesma puntuación, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.

- Quenda libre diversidade funcional (4 prazas): Establecese a nota de corte na que obteña o aspirante que acade o **posto número 10** por orde de puntuación, así como todos aqueles que obteñan a mesma puntuación, tendo en conta que para superar o exercicio é necesario obter un mínimo de cinco puntos.

B) Solicitudes de **ADAPTACIÓN DE TEMPOS E MEDIOS**.

O órgano de selección, examinadas as solicitudes e documentación presentada, dacordo co sinalado na base Quinta das Xerais que remítese, nesta materia, o disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade (na actualidade Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo) e ó artigo 8 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, acorda resolver ditas solicitudes do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/02/2026 14:30

Páxina 1 de 4

260030358

CSV: A8BAA5-BBBHBF-EC5B2D-3BCWK1-5P7N4N-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

QUENDA LIBRE DIVERSIDADE FUNCIONAL:

APELIDOS	NOME	ADAPTACION	OBSERVACIONES
ABALDE ROMAN	I.	ADMITIDA	Tempo adicional (*): 22 minutos e 30 segundos.
AMOEDO GARCIA	N.	ADMITIDA	Tempo adicional(*): 11 minutos e 15 segundos.
ARIAS PENAS	J.C.	ADMITIDA	Tempo adicional(*): Só en caso de crisis durante a proba. Medios: Os dispositivos medicos e auxiliares solicitados, excepto o reloxo intelixente.
BRANDARIZ COSTAS	R.	ADMITIDA	Medios: Os solicitados.
CHOREN VILAR	M.S.	NON ADMITIDA	Medios: Non especifica os medios solicitados. (**)
DOMINGUEZ BORINES	J.	NON ADMITIDA	Medios: Non xustifícase a necesidade de adaptación.(**)
IGLESIAS PERNAS	A.	ADMITIDA	Tempo adicional (*): 22 minutos e 30 segundos.

(*) Anexo II da Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

(**) Baxes Xerais (Quinta), e artigo 8 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Contra este acordo as persoas aspirantes afectadas poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles contado a partir do seguinte a súa publicación.

NOTA INFORMATIVA PARA A REALIZACION DO PRIMEIRO EXERCICIO.

1.- Infórmase aos/ás aspirantes ao proceso selectivo que para a axilización dos **CHAMAMENTOS**, estes efectúranse, simultaneamente, polas catro portas de acceso ó pavillon de Navia, situadas na entrada principal (portas 1 e 2) e no lateral (portas 3 e 4), por orde alfabético, e consonte a seguinte distribución:

Quenda libre:

Porta 1 (entrada principal): Da letra **A á C**.

Porta 2 (entrada principal): Da letra **D á K**.

Porta 3 (entrada lateral): Da letra **L á P**.

Porta 4 (entrada lateral): Da letra **Q á Z**.



Copia do documento - Concello de Vigo

260030358

Data impresión: 06/02/2026 14:30

Páxina 2 de 4

CSV: A8BAA5-BBBHBF-EC5B2D-3BCWK1-5P7N4N-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Quenda libre diversidade funcional :**Porta 1** (entrada principal): Da letra **A á Z**.

(Incorporase anexo coa situación das portas)

2.- A proba efectuarase en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do proceso selectivo .

3.- Deberán comparecer para a realización deste primeiro exercicio provistos/as dos seus respectivos DNI/NIE/ outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade e cos seus propios bolígrafos.

4.- Os certificados de asistencia, de precisalos ós/ás aspirantes, pediránse no momento do chamamento e expediránse, de ser posible, ó final do exercicio.

5.- Durante a realización da proba todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar totalmente apagados/desconectados. O órgano de selección está facultado polas Bases reitoras para declarar como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

6.- Para o bo orden no desenvolvemento desta proba e evitar molestias ós/ás demais aspirantes, deberán permanecer nos seus sitios desde o inicio do exercicio e ata a finalización do mesmo.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do órgano de selección, Luis Rodriguez-Cadarso de la Peña,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/02/2026 14:30

Páxina 3 de 4

260030358

CSV: A8BAA5-BBBHBF-EC5B2D-3BCWK1-5P7N4N-FD


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO.

CONCELLO
DE VIGO



AUXILIARES ADMÓN. XERAL
OEP 2020-21-22



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/02/2026 14:30

Páxina 4 de 4

260030358

CSV: A8BAA5-BBBHBF-EC5B2D-3BCWK1-5P7N4N-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>